

6. Miña nai trouxo un *abano* porque sabía que aquí non hai aire acondicionado. – Para non molestar co fume do seu *habano*, o padriño foi fumar ao xardín. / A ver cando vés por Lugo, que teño moitas ganas de verte. – Eu creo que agora mesmo no teatro debe *haber* unhas cincocentas persoas. / *Hai* dez anos nesta praia non se vía ningún chalé. – *Ai!* Ten coidado. Acabas de pisarme no pé que teño mancado. – As chaves están *aí* mesmo, ao teu carón. / Ti *has* facer exactamente o que eu che diga. – Se tes o ás de ouros, gañas esta man e a partida. – Xa son as dúas e media.
7. Naquel lugar tan *ermo* apareceron novos *achados prehistóricos*. / A esta antiga armadura *holandesa* faltáballe unha *ombreira* e o *helmo*. / Un *irmán* de *Helena* toca a *arpa* na orquestra *filharmónica*. / Que quedases *orfo* non xustifica que sexas un *truán* e que leves unha vida *bohemia*. / O *hóspede* da casa rural quedou marabillado polo *exuberante* xardín cheo de *hedras*. / *Velaí* tes unha foto do palacio *hindú* que estamos a *rehabilitar*. / Eu non viñen ao *hospital* por unha fractura de *úmero* senón por unha *hemorraxia*. / Ana non se *hospedou* nese *hotel* porque estaba *prohibido* fumar en todas partes. / Un dos meus *anhelos* é *herdar* o veleiro do avó e navegar con el pola *baía*. / A media *hora* andando desde esta *ermida* podemos topar un antiquísimo *menhir*.

Actividades



1. Extraordinario, estrada, estranxeiro, estrañeza, extrasensible, estradense, extrapolar, extraditar, estragar, extravertido, extrauterino, extraxudicial, estralo, estratexia.
2. Exportar, espírito, espremer, ex-presidente, expropiar, espectáculo, expoñer, esdrúxula, excursión, ex-conselleira, espertar, esculpar, escusa, expulsar.
3. Os nenos do colexio farán mañá unha *excursión* ás Cíes. / Van *expropiar* varias leiras nesta zona para construír un centro médico. / Aquel dianteiro marcou un gol *extraordinario*: caneou cinco xogadores e mais o porteiro. / A palabra «automático» é *esdrúxula*. / Xurxo ten un carácter moi *extravertido*: gústalle falar e sempre coñece xente nova. / Que tiveses moito traballo non me parece *escusa* para faltar á voda de Antón e Clara. / Este teléfono ten unha antena *extrasensible* que permite maior cobertura. / Os avogados das dúas partes chegaron a un acordo *extraxudicial* para resolver o conflito. / Bill Clinton, *ex-presidente* dos Estados Unidos, dará mañá unha conferencia en Compostela. / Se imos facer zume para todos, hai que *espremer* polo menos tres quilos de laranxas. / Onte fomos ver ao teatro un *espectáculo* de maxia. / Non lle deas golpes ao meu ordenador portátil, aínda o vas *estragar*. / Din que van *expulsar* a Carlos do colexio polo seu mal comportamento. / A *estrada* que vai de Valdoviño a Cedeira está chea de curvas. / Ese empresario dedícase a importar e *exportar* todo tipo de mercadorías.

4. Sopa de letras.



5. Resposta aberta.

Resposta aberta.

6. Resposta aberta.

7. Durante a **escavación** deste **extenso** castro atoparon uns ob**xectos** **estraños**. / Para facer este **traxe**, o **xastre** **estendeu** sobre a mesa, sen **esaxer**ar (ou **exaxer**ar), tres metros de tea. / O ruído desa **escavadora** **espertou**me da **sesta** e case me **deixa** **xordo**. / Ese camareiro **estranxeiro** preparoume un zume de laran**xa** cun **estraño** **espremedor**. / Hai que **extremar** a limpeza na cociña, por iso é **urxente** limpar a **graxa** do **extractor**. / Aínda que padezo **vertixe**, desde esta **cornixa** **vexo** unha **extensa** panorámica do val. / Acabamos de fichar un **excelente** **extremo** dereito, pero hai que ser **esixente** (ou **exixente**) con el. / Paréceme **excesivo** que no hospital che **quixesen** **extirpar** o **exófago**. / O **prestixioso** violinista do **sexteto** de corda precisou **osíxeno** (ou **oxíxeno**) despois da actuación. / Grazas aos **extintores** o incendio non se **estendeu** máis alá da **vixésimosesta** planta.

Actividades



1. Encrucillado.

